



Pontevedra, 15 de decembro de 2011

*PLAN ESTRATÉXICO 2012-2013*

---

*ASOCIACIÓN GALEGA DE REPORTEIROS SOLIDARIOS*

**AGARESO**

---

**ASOCIACIÓN ONG DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO GALEGA DE REPORTEIROS SOLIDARIOS (AGARESO)**

RÚA SANTA CLARA NÚM, 3, 1º C, 36002 PONTEVEDRA (Pontevedra)  
NIF: G36589844 Rexistro Central de Asociacións número: 2008/011954-1 (SC)

## **ÍNDICE**

**INTRODUCCIÓN-----PAG.3**

Prioridades xeográficas-----PAG.4

Prioridades transversais-----PAG.4

### **PLAN ESTRATÉXICO AGARESO 2012-2013**

#### **ÁMBITOS DE ACTUACIÓN**

1. Comunicación para o desenvolvemento-----PAG.5

2. Acción social e solidariedade-----PAG.5

3. Educación para o desenvolvemento-----PAG.6

4. Cooperación para o desenvolvemento-----PAG.8

#### **ÁREA DE ORGANIZACIÓN**

1. Pulo ao financiamento-----PAG.10

2. Profesionalización da área de xestión-----PAG.10

3. Incremento e promoción da rede de voluntarios/as-----PAG.11

## INTRODUCCIÓN

A Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso) é unha organización sen ánimo de lucro para o desenvolvemento, apartidista e laica formada por un colectivo de profesionais do mundo da comunicación en Galicia e o Estado que están comprometidos coa produción, realización e difusión de proxectos de cooperación, solidariedade e acción social, con especial dedicación ao desenvolvemento de accións sociais que estean promovidas en e desde a Comunidade Autónoma galega, tratando de xerar un cambio cara a unha sociedade máis inclusiva e xusta.

Agareso intenta impulsar a conciencia solidaria da sociedade galega mediante unha interactividade e un traballo en rede que permita achegar os proxectos de acción social, solidariedade, cooperación e comunicación para o desenvolvemento realizados tanto en Galicia coma no exterior á opinión pública.

Creada no mes de maio de 2008 coa apertura da primeira correspondencia en Pontevedra, Agareso conta na actualidade con correspondencias en Vigo, Vilagarcía de Arousa, Ourense, A Coruña e Santiago de Compostela, ademais dunha delegación en Madrid. A isto engádese unha rede internacional de xornalistas que, de momento, conta con presenza en países como Guinea Bissau, Ecuador, Perú, Venezuela e México. En decembro de 2011 suma ao redor de 110 voluntarios/as, socios/as ou colaboradores/as.

Agareso ten tres obxectivos fundamentais:

- Servir de amplificador social ao traballo que en materia de acción social, solidariedade, cooperación e comunicación para o desenvolvemento realizado por diversas entidades. Ademais, búscase xerar vínculos e alianzas con outras organizacións do mesmo ámbito de actuación, co obxectivo de crear redes, optimizar recursos e xerar sinerxías.
- Diseñar e executar programas e proxectos de comunicación para o desenvolvemento coa finalidade de achegar coñecemento e habilidades na transmisión correcta de información en sociedades, comunidades e colectivos desfavorecidos.
- A creación dunha rede sólida, comprometida e plural no sector xornalístico e da comunicación galega que impulsa a difusión, promoción, denuncia e educación en materia de solidariedade. Tamén persegue potenciar a educación, formación e reciclaxe dos profesionais no tratamento e elaboración de informacións de carácter social.

O presente plan estratéxico enmárcase nos obxectivos da cooperación española e galega, tanto no relativo ás prioridades xeográficas como transversais de actuación. Asemade, damos cumprimento á lexislación de aplicación vixente de voluntariado.

## **Prioridades xeográficas de Agareso**

Agareso centrará os seus programas de cooperación, comunicación e educación para o desenvolvemento nas áreas xeográficas consideradas prioritarias polo Plan Director da Cooperación Española 2009-2012 que na súa maioría coinciden co II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2010-2013.

- Latinoamérica: Honduras, Nicaragua, O Salvador, Guatemala, Haití, Paraguai, Bolivia, Perú, Ecuador, República Dominicana, Colombia e México.
- Magreb, Oriente Medio y Próximo: Marrocos, Mauritania, Arxel, Territorios Palestinos e poboación Saharauí.
- África Subsahariana: Etiopía, Malí, Mozambique, Senegal, Cabo Verde e Níxer, Guinea Ecuatorial, Sudán, Guinea Bissau, Gambia, Angola, República Democrática do Congo e Guinea Conakry.
- Galicia e España

## **Prioridades Transversais de Agareso**

Do mesmo xeito que no caso das prioridades xeográficas, Agareso centrará os seus programas e proxectos de acción social, solidariedade, cooperación, comunicación e educación para o desenvolvemento nas liñas de actuación recollidas no Plan Director da Cooperación Española 2009-2012, que coinciden co II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2010-2013.

- A loita contra a pobreza.
- Igualdade de xénero.
- A defensa da sustentabilidade ambiental.
- O respecto polos dereitos humanos.
- A defensa da interculturalidade.

## ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

Ámbito	Obxectivo xeral	Obxectivo específico	Indicadores
<b>Comunicación para o desenvolvemento</b>	Recoñecemento polos axentes de cooperación e pola sociedade galega da comunicación para o desenvolvemento como instrumento para a loita contra as desigualdades e para acadar o desenvolvemento das sociedades.	Dar a coñecer a comunicación para o desenvolvemento entre os axentes de cooperación e organizacións de acción social.	Logrado que polo menos 3 organización galega inclúa o concepto de comunicación para o desenvolvemento á hora de executar os seus proxectos.
	Ampliar a formación da base social sobre a identificación, formulación e xustificación dos proxectos CpD	Capacitar ao voluntariado sobre CpD.	Polo menos 3 voluntarios da organización apoia a formulación de proxectos de CpD despois de ser capacitados
	Manter polo menos un proxecto de CpD no exterior.	Continuar co fortalecemento do proxecto de Radio Tehuacán	Conséguese financiamento para continuar fortalecendo a emisora comunitaria de El Salvador O seu voluntariado recibe capacitación no 2015
<b>Acción social e solidariedade</b>	Colaborar na inclusión de colectivos en risco de exclusión.	Incluír a persoas condenadas en traballos en beneficio da comunidade nas actividades desenvolvidas por Agareso.	Incluír a 3 traballadores en beneficio da comunidade na dinámica de Agareso.
	Apoiar con capacitación aos usuarios/as de organizacións que traballan en acción social	.Abrir Agareso Radio para que organizacións sociais poidan empregala para a difusión	Polo menos 2 organización realizan xunto aos seus usuarios/as un

Ámbito	Obxectivo xeral	Obxectivo específico	Indicadores
			programa en Agareso Radio
		Realizar obradoiros de formación en comunicación (TV, Radio e prensa) para colectivos en risco de exclusión	Polo menos un obradoiro realizado ao ano
	Mellorar a cobertura xornalista de contidos sociais	Creación dunha web galega de contido social	Deseñada a estrutura e contidos da web
		Buscar financiamento para a posta en marcha da web	Chegar a acordos coas ONGD do sector para aporte de información sobre os proxectos Presentado un proxecto específico de web de contido solidario
<b>Educación para o Desenvolvemento</b>	Crear redes e alianzas con outras ONG, institucións e medios de comunicación de temática social, contribuíndo a fomentar o sector da cooperación e a solidariedade.	Realizar traballos en colaboración con outras ONG, medios e institucións.	Asinados de 5 novos convenios.
		Consolidar a participación de Agareso no seo da Coordinadora de ONGD.	Agareso presente en diferentes comisións da Coordinadora Galega de ONGD e na súa XD.
		Incrementar a presenza de Agareso en plataformas e redes de medios comunitarios a nivel rexional, estatal e internacional.	Agareso incorporada a 2 plataformas ou redes.
		Incrementar a inserción do receptor de Agareso Radio e de ligazóns á web de Agareso en diversos espazos web, fomentando o networking.	Inserción do receptor de Agareso Radio en 6 espazos web.
	Sensibilización, concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza, para	Aumentar o número de exposicións e o número de localizacións nas que se exhiban as exposicións	Creadas 2 exposicións novas.

Ámbito	Obxectivo xeral	Obxectivo específico	Indicadores
	contribuír a superar as desigualdades a partir do coñecemento da realidade dos países empobrecidos.	existentes, coa colaboración de institucións ou asociacións locais.	
		Aumentar o número de exposicións e o número de localizacións nas que se exhiban as exposicións existentes, coa colaboración de institucións ou asociacións locais.	Exposicións exhibidas en 15 localizacións.
			Documentais exhibidos en 15 localizacións.
		Organizar un ciclo de documentais sobre solidariedade e temas sociais.	Creados 2 documentais novos.
			Organizado polo menos 1 ciclo de documentais.
		Aumentar a difusión dos proxectos propios de Agareso nos medios de comunicación e mellorar a consideración de Agareso como fonte de consulta e referencia no ámbito da solidariedade.	20% de impactos en medios de comunicación.
			20% de impactos en medios de comunicación sen nota previa.
		Mellorar a difusión da imaxe e obxectivos de Agareso mediante a edición de materiais informativos.	Editado folleto xenérico sobre Agareso e específico por cada proxecto
	Promocionar a organización a través de material corporativo.	Editados almanaques, postais, marcapáxinas, chapas, lapis, camisetas, memorias usb.	
		Difundidas reportaxes, documentais e exposicións sobre estas temáticas.	

Ámbito	Obxectivo xeral	Obxectivo específico	Indicadores
		Formación e capacitación de colectivos cunha alta capacidade de multiplicación e réplica como: escolares, profesorado, universitarios/as, futuros/as docentes, educadores/as de tempo libre e animación sociocultural, voluntarios/as, profesionais de medios de comunicación.	Presentado polo menos un proxecto para a realización dun estudo sobre comunicación e desenvolvemento cunha universidade galega e resultados difundidos.
		Impulsar accións que promovan o estudo en educación e comunicación para o desenvolvemento en Galicia, a sistematización de experiencias e a difusión dos resultados.	Elaborado o estudo previo para a posta en marcha do observatorio.
	Formación sobre o desenvolvemento, difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento.	Creación dun observatorio da comunicación social e para o desenvolvemento.	Deseñado un proxecto que inclúa o fortalecemento das canles de comunicación en países en desenvolvemento.
	Estudo sobre o desenvolvemento.	Fortalecer o tecido social en países do sur mediante o desenvolvemento das canles de comunicación da educación non formal e da cultura por medios existentes.	Realizado un proxecto que inclúa formación a asociación locais en comunicación.
		Formación ás asociación locais do sur en comunicación co fin de incrementar a solidez dos procesos de desenvolvemento e o seu achegamento á sociedade civil.	Deseñado un proxecto que inclúa a formación en comunicación e a súa integración en redes internacionais.
<b>Cooperación ao Desenvolvemento</b>	Promover a calidade da democracia e respecto dos dereitos fundamentais desde	Formación do capital humano co fin de facilitar procesos de creación e mellora de axentes e	Deseñado un proxecto que inclúa a dotación de medios técnicos aos



Ámbito	Obxectivo xeral	Obxectivo específico	Indicadores
	unha participación real e efectiva da cidadanía, o exercicio dos dereitos humanos e as capacidades para promover o desenvolvemento.	profesionais culturais no marco da cooperación o desenvolvemento e de fomentar a difusión de valores e contidos compartidos e impulsados por a comunidade internacional.	axentes e profesionais culturais.
		Dotar de medios técnicos aos axentes e profesionais culturais para garantir a sostenibilidade do proxecto e a difusión dos valores e contidos da súa propia cultura.	Deseñado un proxecto que inclúa o fortalecemento de medios de comunicación locais.
	Fomentar as oportunidades e capacidades culturais e identitarias. materiais e inmateriais de persoas e comunidades como elementos substanciais do desenvolvemento humano sostible.	Fortalecer as relacións entre comunicación e cultura con impacto no desenvolvemento, fomentando procesos e redes de comunicación a través das TIC e medios alternativos que fomenten a formación de públicos, así como a sensibilización social sobre o impacto da cultura no desenvolvemento.	

## ÁREA DE ORGANIZACIÓN

Ámbito	Obxectivo xeral	Obxectivo específico	Indicadores
Pulo ao financiamento	Diversificar as vías de financiamento da organización	Incentivar a achega de doazóns entre socios/as e voluntarios/as.	Aumentadas nun 30 % as achegas de socios/as e voluntarios/as.
		Organizar accións solidarias que reporten fondos : exposicións, mercados solidarios, charlas	Unha actividade organizada ao ano para recadación.
		Deseñar unha campaña de captación de fotos por parte do voluntariado	Campaña deseñada
		Continuar xerando materiais de sensibilización e recadación de fondos.	Calendario e/ou axenda deseñado e impreso.
			Postais deseñadas e impresas.
		Consolidar e ampliar os cursos de formación pagados para xornalistas, estudantes ou integrantes doutras ONG.	Establecidos postos de venta nas actividades.
	Consolidar e ampliar os cursos de formación pagados para xornalistas, estudantes ou integrantes doutras ONG. Realizar unha procura sistemática de novas fontes de financiación tanto públicas como privadas	Executar polo menos dous obradoiros pagados para integrantes doutras 2 organizacións do sector	
Participar en convocatorias e concursos públicos e privados relacionados con temática social.	Presentar proxectos a diferentes fontes de financiamento estatal	Listaxe de ofertas semestral.	
	Seguir impulsando unha planificación integral de Agareso máis detallada e eficiente, mellorando as fases de identificación, formulación e avaliación de proxectos.	Presentada polo menos 2 proxectos a financiamento estatal	
Profesionalización da área de xestión	Consolidar a profesionalización das áreas de xestión e de administración da ONGD.	Ampliar e mellorar a relación coas outras ONGD e institución de cooperación.	Elaborados informes, proxectos e avaliacións que cumpran con todos os requisitos da Cooperación Galega e Española.

Ámbito	Obxectivo xeral	Obxectivo específico	Indicadores
		Fomentar a formación interna.	Comunicación habitual e fluída co tecido social e institucións. Listaxe de correos dirixidos ao tecido social.
		Manter os postos de traballo actuais.	Persoas contratadas acoden polo menos a un curso ao ano.
		.	Os 2 postos de xestión seguen sendo ocupados por persoal técnico.
Incremento e promoción da rede de voluntarios/as	Aumentar e potenciar a rede de voluntariado.	Incrementar o número de voluntarios/as que participan en proxectos. Retomar os encontros persoais coas delegacións provinciais de voluntarios/as.	Encontro organizado.
		Facer campaña de voluntariado en actividades públicas e entre traballadores/as dos medios de comunicación.	Incrementado nun 30% os voluntarios/as activos/as.
		Continuar coa celebración da convención anual de Agareso, contando coa participación de axentes do tecido social e profesionais da comunicación. Continuar co envío de información puntal sobre cursos de formación que ofrecen outras entidades ou institucións académicas.	Realizadas polo menos dúas visitas ao ano da persoa de voluntariado ás delegacións.
		Continuar coa realización dun curso anual para todo o voluntariado sobre temática social.	Listado de voluntarios/as dispostos a estar no banco de tempo.
		Facer campaña de voluntariado en actividades públicas e entre traballadores/as dos medios de comunicación.	Realizada a convención anual.
			Realizado o curso.
			Entregada información e documentos para facerse voluntario/a nas actividades públicas. Organizada unha presentación con xornalistas profesionais sobre a organización.